

# AS CAIXAS DE INVESTIGACIÓN

As caixas de investigación son un recurso máis a disposición de todo o alumnado do centro e do profesorado.

O alumnado terá á súa disposición diferentes caixas de investigación onde se presentarán pequenos proxectos abertos, que poderán realizar de maneira autónoma en diferentes franxas: en libre circulación ou en franxa de Plan de Acción.

Dende o departamento preséntanse caixas de investigación relacionadas coa identidade de cada un dos ambientes complementarios xa presentados con anterioridade.



Estas caixas son obxectos artísticos en si mesmas, son investigacións que invitan ao diálogo cun mesmo/a, a reflexión compartida, unha aposta pola sensibilidade e o asombro, unha invitación a abrir infinidade de interrogantes e a construír miles de respostas,... tantas como miradas se adentren nelas.

Hai unha frase de A. Einstein que reflexa a definición de caixa de investigación: “XOGAR É A FORMA MÁIS ELEVADA DE INVESTIGACIÓN”.

Así que deste xeito creamos oportunidades de xogar ao noso alumnado e a nós mesmo/as.